

MOCION PRESENTADA POLA COORDINADORA DE ORGANIZACIONS FEMINISTAS

DE GALICIA AOS AXUNTAMENTOS E APOIADA POR :

EG + MCR - PST -UPG - MCG - MGR - ERGA - BNG - PCG - ANG ¿ - UMG ¿



CO ANUNCIO DO GOBERNO DO PSOE DE DESPENALIZAR O ABORTO EN 3 CASOS ( VIOLACION, PERIGO PARA A VIDA OU A SAUDE DA NAI, MALFORMACIOS DO FETO A MEIRANDE PARTE das mulleres que hoxe abortan clandestinamente, no extranxeiro e eiqui, seguirán a facelo en condicións de clandestinidade, de carencia dos mínimos sanitarios en moitos casos, e de un enorme peso para a propia economía, amen do risco de xuicio e cadea que elo comporta.

Nós pensamos que actualmente as mulleres abortan porque mulleres e homes non teñen información sexual nin anticonceptiva e estes abortos expresan un firme desexo da muller de controlar a súa capacidade reproductora aínda nas condicións nas que se realiza.

Por todo esto a C.F.....  
propoñen ao Axuntamento de ..... a discusión e aprobación da seguinte resolución

ESTE AXUNTAMENTO ESIXE :

1º - A derogación do capítulo III do título V III ( art. 411 a 419 do código Penal referente á práctica de aborto e prohibición de medidas anticonceptivas.

2º - Inmediata aplicación de amnistia a todas as <sup>personas</sup> mulleres procesadas e encarceradas por aborto.

- 3º - A creación e funcionamento de Centros Municipais, en cuxo control participen as Organizacións feministas e grupos de mulleres, onde se de unha información sexual fundamentalmente dirixida a mulleres para que coñezan a súa propia sexualidade, e onde se facilite información e acceso as medidas anticonceptivas existentes así como ao aborto.
- 4º - Investigación a cargo do Estado, de métodos anticonceptivos eficaces e non perxudicias para homes e mulleres.
- 5º - A legalización do dereito ao aborto libre, gratuito, sen límites de idade, estado civil ou nacionalidade, a petición da muller e na rede sanitaria estatal.

GALICIA, 23 FEBREIRO, 1983